



**ACTA XUNTA DE GOBERNO**  
**SESIÓN ORDINARIA DE QUINCE DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E DOUS**  
**(ACTA NÚMERO 26)**

**Presidente:**

D. José Tomé Roca

**Sres. Deputados:**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto

D<sup>a</sup>. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

**Secretario:**

D. José Antonio Mourelle Cillero

**Interventor:**

D. Manuel Roel Hernández-Serrano

No Salón de Comisi3ns do Pazo Provincial, sendo as once horas e dez minutos do d3a **quince de xullo de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesi3n ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do D3a regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporaci3n.

Actúa de Secretario D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste como Interventor don Manuel Roel Hernández-Serrano, Interventor Adxunto.

Non asisten a señora Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, a señora deputada dona Mónica Freire Rancaño e os señores deputados don Pablo Rivera Capón e don José Luis Raposo Magdalena.

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA OITO DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día oito de xullo de dous mil vinte e dous que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

### **2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ADECUACIÓN Á NORMATIVA DE SEGURIDADE DA INFORMACIÓN (ESQUEMA NACIONAL DE SEGURIDADE) E A PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do servizo de adecuación á normativa de seguridade da información (esquema nacional de seguridade) e a protección de datos de carácter persoal. expediente Nº: 2022/CON\_02/000033, consta no mesmo:

Orden de inicio e memoria xustificativa de expediente de contratación, con CSV: IV7D4KA4PQ5IZKV62B7N45L66U<sup>1</sup>.

---

<sup>1</sup>Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Prego de prescricións técnicas, asinado polo Adxunto á Xefa de servizo de Comunicación e TICs con CSV IV7DQC2LFDZN7NFLQE4F4FKCOA.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7DQIHOD3VP3D6NRX4UMY2C74.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7D2KI5N36JXTW5QBQXKQJWEI.

Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7D2KPIDUVZR5BIWMFWIVZS5Y.

Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar a contratación do servizo de adecuación á normativa de seguridade da información (esquema nacional de seguridade) e a protección de datos de carácter persoal. Expediente Nº: 2022/CON\_02/000033, cunha duración de un ano.

**2º.-** Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

**3º.-** Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter

ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)).

Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 199.650,00 €, IVE engadido, e financiase de acordo as seguintes anualidades:

ANUALIDADES	APLICACIÓN	IMPORTE	RC
2022		0,00€	
2023	9200.22706	199.650,00€	220229/285

O gasto financiarase con cargo a anualidade 2023, e a Deputación debe adquirir o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2023 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

### **3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN CONTRATUAL DA SUBMINISTRACIÓN DE LICENZAS DE SOFTWARE TÉCNICO ESPECÍFICO PARA A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO. LOTE 2.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o Informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que se recolle o seguinte:

“A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de decembro de 2020, acordou adjudicar a contratación da subministración de licenzas de software técnico específico para a Deputación Provincial de Lugo, lote II, a favor de Evelb técnicas y Sistemas S.L., por importe de 29.001,09 euros, aos que se engadirán 6.090,23 euros en concepto de IVE, o que



ascende a un total de 35.091,32 euros, cun prazo de entrega de 15 días naturais dende a subscrición da acta de inicio do contrato ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato.

Con data 02 de febreiro de 2021 formalizouse o correspondente contrato.

Consta como antecedentes inmediatos ós efectos de emisión do presente, ademais do expediente administrativo os seguintes:

Informe do servizo de novas tecnoloxías, incorporado ó requirimento formulado á contratista con data de 6 de abril de 2022, que se ten por notificado con data de 16 de abril de 2022, con CSV IV7CG3HPKEVJ5H5P4X6FEECCP4 do seguinte teor literal:

“Por esta administración tense detectado o incumprimento das súas obrigas respecto dos bens a subministrar tanto no que respecta ó número de unidades como o prazo no que se deberían ter entregado. Así a unidade xestora en informe con CSV IV7CGTRMOEB6TO4S6ZWB75IUOA ten informado:

I.- Con data 2 de febreiro de 2021 procedeuse á formalización do contrato de “Contratación da subministración de licenzas de software técnico específico para a Deputación Provincial de Lugo. EXP016SU20ABO. GTM: 2020/CON\_01/000011. Lote 2.”, adxudicado ao provedor Evelb Técnicas y Sistemas S.L. por un importe de 29.001,09 €, aos que haberá que engadir 6.090,23 € en concepto de IVE, sendo a suma total de 35.091,32 €.

II.- Na cláusula terceira do contrato determínase que a duración do contrato será dun ano, con posibilidade de dúas prórrogas anuais (1+1+1). O prazo máximo de entrega das subministracións será de 15 días naturais. O prazo contará dende a subscrición da acta de recepción do contrato, ou no seu defecto, dende a formalización deste contrato.

III.- Con data 14 de xaneiro de 2022 se emite informe de prórroga de contrato, estando de acordo ambas as dúas partes e asinado en data 26 de xaneiro de 2022.

IV.- Notifícase á empresa sobre a prórroga do contrato, vía Sede Electrónica en data 14 de febreiro de 2022.

V.- Os subministros recibidos a día de hoxe nesta primeira prórroga son os seguintes: Licenzas de CorelDraw Graphics Suite, 5 recibidas dun total de 10 no contrato. Data de entrega: 30 de marzo de 2022. Pendente de recibir 5 licenzas.

Licenzas de Adobe Creative Cloud todas as aplicacións, 2 recibidas dun total de 30 no contrato.

Data de entrega: 29 de marzo de 2022.

Pendente de recibir 28 licenzas.

Licenzas de iStock Photo, ningunha recibida dun total de 1 no contrato.

VI.- Queda patente o incumprimento por parte da empresa adxudicataria da prórroga da “Contratación da subministración de licenzas de software técnico específico para a Deputación Provincial de Lugo. EXP016SU20ABO. GTM: 2020/CON\_01/000011. Lote 2”, tanto en prazos de subministración como en unidades subministradas.”

Con carácter previo á instrución dos expedientes que puideran proceder como consecuencia da verificación de ditos incumprimentos, requíreselle para que no prazo improrrogable de 5 días hábiles dende a recepción da presente faga entrega inmediata da totalidade do pedido solicitado.

Advírteselle expresamente que a desatención do presente requirimento ou a atención deficiente do mesmo poderá implicar:

A imposición de penalidades, que se poderán esixir con cargo á garantía depositada.

A resolución do contrato, con incautación da garantía, e declaración no seu caso dunha prohibición para contratar.”

Non consta resposta do contratista ó dito requirimento, antes ó contrario o servizo de novas tecnoloxías remitiu o expediente a este servizo nos seguintes termos:

“Notificado el requerimiento el pasado día 06 de abril y no habiendo subsanado las deficiencias en el suministro, se propone se facturen sólo las licencias subministradas hasta el momento, se apliquen las penalizaciones y se rescinda el contrato.”

Na instrución do presente expediente foi emitido informe xurídico polo servizo de contratación e fomento, co conforme da Secretaría Xeral, con CSV: IV7DQ3ZYZ5HD3CVL25QAKQLCKA.

A Xunta de Goberno, acordou con data 13 de marzo de dous mil vinte e dous:

“1º.- Acordar o inicio do procedemento para a resolución do contrato administrativo de da subministración de licenzas de software técnico específico para a Deputación Provincial de Lugo. EXP016SU20ABO. Lote 2.” adxudicado á entidade Evelb Técnicas y Sistemas S.L, polas causas expresadas no corpo do presente por concorrer posibles incumprimentos ó abeiro dá documentación obrante no expediente.



2º.- Dar trámite de audiencia a Evelb Técnicas y Sistemas S.L, e ao avalista da garantía definitiva prestada, polo prazo de 10 días hábiles na medida que se puidese proceder a incautación da garantía depositada.

3º.- Resolto o expediente de resolución iniciar, no seu caso, a instrución de expediente contradictorio para determinación da indemnización dos danos e prexuízos causados a esta Deputación e así mesmo o que proceda respecto da posible declaración dunha prohibición para contratar de verificarse incumprimentos do prego e actuacións contrarias ao interese xeral imputables ao contratista.

4º.-Notificar ó contratista o acordo que se adopte, con indicación de que contra a mesma que é de trámite non cabe a interposición de recurso algún, sen prexuízo de que formule cantas alegacións estime precisas no tramite conferido ó efecto.

5º.- Dar traslado ó Servizo de novas tecnoloxías e a Intervención Provincial.”

Dito acordo foi notificado ó contratista con data 30 de maio de 2022, e ó avalista con data 31 de maio de 2022.

Durante o prazo de audiencia, e ata a data de emisión do presente, non consta a quen informa comunicación ou alegación do contratista respecto do acordo de iniciación do expediente de resolución.

Resultan fundamentos xurídicos:

A lei de contratos do sector público LCSP 9/2017, de 8 de novembro.

O Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas 1098/2001.

Os pregos de cláusulas administrativos e demais documentos con forza obligacional incorporados ó expediente.

Considerando o anterior compre realizar as seguintes;

Consideracións xurídicas:

I.- Sobre os antecedentes e a natureza xurídica da incidencia contractual que supón o actual estado de execución defectuosa do servizo.

Con carácter xeral as obrigas das partes na contratación administrativa quedan reflectidas nos pregos, oferta e demais documentación preparatoria que o contratista ten aceptado, e as que se ten sometido dende o primeiro instante da licitación tal e como deriva da aplicación do artigo 139 da LCSP, cando sinala que “as proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen salvidade ou reserva algunha...”.

Queda advertido por tanto o carácter vinculante do prego como “lex contractus”, cuxa interpretación non resulta dispoñible para o contratista.

Das diferentes circunstancias comunicadas pola unidade xestora a través dos responsables do contrato, destacando a falta de execución do contrato e desatención dos requirimentos, se está a frustrar a finalidade e satisfacción do mesmo, se esta a prexudicar por tanto, o interese xeral ó que serve o contrato administrativo.

Respecto dos incumprimentos contractuais comunicados pola unidade xestora resulta preciso destacar que a falta de atención do requirimento e paralización unilateral na execución do subministro con infracción dos prazos de entrega (cláusula 22.2), supoñen causas para iniciar o expediente de resolución ó teor do disposto no prego e na normativa por representar a inobservancia de condicións esenciais.

II.- Sobre as causas de resolución a súa expresa previsión e as súas consecuencias.

Como consecuencia do anterior, e fronte a inobservancia de obrigas esenciais, sinala o prego que:

“....., o contrato extinguirase pola súa resolución (artigo 209 da LCSP), acordada pola concorrencia dalgunha das causas previstas nos artigos 211 da LCSP dando lugar aos efectos previstos nos artigos 213 da LCSP. Igualmente serán causas de resolución do contrato as establecidas como condicións esenciais e especiais de execución, agás que proceda a aplicación de penalidades.”

Sinala a cláusula 22 como condición especial, con carácter de obriga esencial:





“Executar as prestacións obxecto do contrato con estrita suxeición ao PPT, particularmente no que se refire ao prazo máximo de entrega, ao prezo ofertado e á duración da vixencia das licenzas.”

Nesa mesma cláusula se sinala:

“O incumprimento destas condicións especiais de execución, cualificadas como obrigas contractuais esenciais deste apartado 22.2 constitúe causa de resolución contractual, consonte co establecido no art. 211.1 letra f da LCSP.”

Apreciase, na opinión deste informante, que por parte do contratista se teñen incumplido as súas obrigas esenciais (cláusula 22.2), e polo tanto que as mesmas constitúen en si, e con carácter inicial, causas que habilitan para iniciar a resolución do contrato, todo isto, sen prexuízo da avaliación das alegacións do contratista e demais interesados con pleno respecto ó principio de contradición, por canto poidan enervar a concorrencia de ditos incumprimentos.

A normativa contractual á hora de avaliar a incidencia da resolución contractual, establece una serie de consecuencias en proporción a gravidade que supón que se frustrate o contrato como consecuencia dos incumprimentos de quen foi seleccionado con base na súa solvencia e por mor da súa oferta para a execución do contrato, así como consecuencia dos incumprimentos advertidos, no caso que nos ocupa, correspondería os seguintes efectos a aplicar á entidade Evelb Técnicas y Sistemas S.L:

1. Perda, por incautación, da garantía constituída (prego cláusula 25, art. 110 d, 213.3 da LCSP).

2. Indemnización por danos e perdas no importe que exceda a garantía incautada, entre cuxas partidas se podería ter en conta a diferenza entre o importe da adxudicación, e aquel que finalmente resulte dunha nova adxudicación ó verse obrigada a administración a licitar novamente o contrato. (prego cláusula 25, art.) 213.3 da LCSP e art. 113 do RXCAP 1098/2001.

3. Posible declaración de prohibición para contratar, no ámbito territorial e coa extensión temporal en función da gravidade dos incumprimentos e dano o interese público que resulte finalmente acreditado. (art. 19.1 do RXCAP).

III.- Sobre o procedemento a seguir.

Segundo se tiña informado a teor do disposto no art. no artigo 212.1 da 9/2017 e 109 do RCAP 1098/2001, iniciouse de oficio o expediente de resolución que contén os seguintes fitos procedimentais:

a) Audiencia do contratista por prazo de dez días naturais.

b) Audiencia no mesmo prazo, do avalista ou asegurador cando se propoña a incautación da garantía.

c) Informe do Servicio xurídico, trámite que se esta a cumprimentar co presente requirindo o preceptivo sometemento ó conforme da secretaría municipal, ou emisión por esta do informe que estime procedente, e sen prexuízo da fiscalización pola intervención, cando proceda.

d) Ditame do Consello Consultivo, cando se formule oposición por parte do contratista.

Tal e como sinala dito precepto, tódolos trámites e informes preceptivos dos expedientes de resolución dos contratos se considerarán de urxencia e gozarán de preferencia para o seu despacho polo órgano correspondente.

Visto que unha vez evacuado o trámite de audiencia non se ten formulado oposición algunha por parte do contratista ou avalista, cómpre que o órgano de contratación previa fiscalización acorde a resolución do contrato no que afecta ao lote 2.

IV.- Sobre o órgano competente.

Ó abeiro do disposto no artigo 59, do Regulamento Orgánico Provincial, no seu apartado 12 corresponde a Xunta de Goberno, como órgano de contratación, a adopción do presente acordo.

Respecto do eventual expediente indemnizatorio no que exceda da garantía depositada, corresponderá a competencia a presidencia ó abeiro do dito precepto do regulamento orgánico no seu inciso final.(...)”

Considerando, a proposta da unidade xestora, os antecedentes, a normativa aplicable e os razoamentos xurídicos expresados no corpo do presente, e tendo en conta a fiscalización previa de conformidade, propoño que pola Xunta de Goberno, se adopte acordo nos seguintes termos:

1º.- Declarar resolto por causas imputables ó contratista o contrato administrativo de “Subministración de licenzas de *software* técnico específico para a deputación provincial de lugo, lote II” adxudicado á entidade Evelb Técnicas y Sistemas S.L., polas causas expresadas no corpo do presente e incorporadas ó expediente por concorrer incumprimentos ó abeiro dá documentación obrante no expediente.



2º.- Incautar a garantía depositada por Evelb Técnicas y Sistemas S.L., suscrito coa Entidade Afianzamentos de Galicia, Sociedad de Garantía Recíproca (AFIGAL S.G.R.) con número entidade Atradius Credito y Caución SA de Seguros y Reaseguros con Código ID.EA: 818411F3-A14D-42CF-A8DB-C82E4802AD4B, por importe de 1.450,05 €.

3º.- Iniciar a instrución de expediente contraditorio para determinación da indemnización dos danos e prexuízos causados a esta Deputación, e asimesmo o que proceda respecto da posible declaración dunha prohibición para contratar de verificarse incumprimentos do prego e actuacións contrarias ao interese xeral imputables ao contratista.

4º.- Notificar ó contratista o acordo que se adopte, con indicación de que contra a mesma que esgota a vía administrativa procede alternativamente o recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou o acto ou recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do contencioso administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte á recepción da notificación. Se optara por interpoñer o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se teña producido a súa desestimación por silencio. Todo elo sen prexuízo de que poida exercer calquera outro recurso que estime pertinente.

5º.- Dar traslado ó Responsable do contrato e a intervención provincial e á tesouraría provincial co obxecto de que se execute a incautación acordada.”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN CONTRATUAL DOS SERVICIOS PARA A IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA DE INFORMACIÓN E SINALIZACIÓN TURÍSTICA INTELIXENTE PARA A PROVINCIA DE LUGO, A REDACCIÓN DUN PLAN DE SINALIZACIÓN TURÍSTICA INTELIXENTE DO CASCO**

## **HISTÓRICO DE LUGO E A SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE SINAIS INTELIXENTES NO CENTRO HISTÓRICO DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o Informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaría Xeral, no que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 26 de abril de 2019, acordou adxudicar a contratación dos servizos para a implantación dun sistema de información e sinalización turística intelixente para a provincia de Lugo, a redacción dun plan de sinalización turística intelixente do casco histórico de Lugo e o subministro e instalación de sinais intelixentes no centro histórico de Lugo, a favor da U.T.E. Sismotur SL-Girod SL.

Con data 24 de maio de 2019 formalizouse o correspondente contrato, asinándose a acta de inicio de contrato o día 13 de xuño de 2019.

Proposta do Responsable do contrato relativa á suspensión da execución contractual, aprobada mediante Resolución da Presidencia datada o día 08 de novembro de 2019 (CSV: IV6RS2ILH4N43NFJYP7GCBTA6E).

Consta como antecedentes inmediatos ós efectos de emisión do presente, ademais do expediente administrativo os seguintes:

Con data 15 de xuño de 2022, a empresa adxudicataria solicitou a resolución contractual; con renuncia expresa a calquera tipo de indemnización, por non resultar imputable a ningunha das partes.

Dita solicitude foi informada polo servizo de turismo, informe con CSV: IV7DYED2ZV577LPPA44M4HXS6Q do seguinte tenor literal:

En relación á solicitude con nº de rexistro de entrada 2022RT008984 presentada por D. José Augusto Ramos Méndez, con DNI Nº \*\*\*9498\*\*, en nome e representación da Unión Temporal de Empresas denominada “UTE Sismotur SL – Girod SL”, adxudicataria do contrato de servizos relativo á implementación dun sistema de información e sinalización turística intelixente do casco histórico de Lugo e o subministro e instalación de sinais intelixentes no centro histórico de Lugo, emítase o seguinte informe:



Con data 18 de novembro de 2019 levantouse acta de suspensión da execución do contrato sinalado polo tempo necesario para proceder ao estudo, avaliación técnica e aprobación conxunta por parte da Deputación de Lugo e o Concello de Lugo do Plan de sinalización turística intelixente do centro histórico de Lugo presentado pola adxudicataria (fase 2) como paso previo para a correcta implementación polo contratista da subministración e instalación das sinais intelixentes no centro histórico de Lugo (fase 3).

A entrada en vigor do Estado de Alarma o 14 de marzo de 2020 coas súas sucesivas prórrogas, así como os posteriores períodos de restriccións e confinamento dificultaron e prolongaron no tempo o desenvolvemento do traballo de estudo da proposta presentada pola UTE relativa á fase 2 do contrato. Non obstante, a data de hoxe, dita proposta foi obxecto de avaliación, polo que resultaría procedente levantar a suspensión da execución do contrato no que se refire a esta fase, co fin de que a empresa contratista poida realizar modificacións puntuais no borrador de documento entregado, co que resultaría susceptible de aproveitamento independente por parte da administración.

En relación coa execución da fase 3, a empresa adxudicataria sinala a imposibilidade de materializala nas condicións inicialmente pactadas debido ao tempo transcorrido dende a suspensión do contrato e á alza de prezos experimentada polas materias primas e custes de produción alleos ao contratista, motivo polo cal insta á resolución do contrato por mutuo acordo das partes.

Respecto desta solicitude de resolución, debe indicarse que a teor do artigo 313 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordeamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, entre as causas de resolución dos contratos de servizos indícase:

(...)

b) O desestimiento unha vez iniciada a prestación do servizo ou a suspensión do contrato por prazo superior a oito meses acordada polo órgano de contratación, agás que no prego se sinala outro menor.

(...)

Á vista de que non concorren outras causas de resolución, dase traslado deste informe ao órgano competente aos efectos oportunos.”

Resultan fundamentos xurídicos:

A lei de contratos do sector público LCSP 9/2017, de 8 de novembro.

O Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas 1098/2001.

Os pregos de cláusulas administrativos e demais documentos con forza obrigacional incorporados ó expediente.

Considerando o anterior compre realizar as seguintes;

Consideracións xurídicas:

I.- Sobre a resolución contractual.

A resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, entre as causas previstas está a solicitada polo contratista e informada polo Servizo de Turismo, así o artigo 313 LCSP, dispón que: Son causas de resolución dos contratos de servizos, ademais das xerais, as seguintes: a suspensión do contrato por prazo superior a oito meses acordada polo órgano de contratación, salvo que no prego se sinale outro menor.

A resolución do contrato dará dereito ao contratista, en todo caso, a percibir o prezo dos estudos, informes, proxectos, traballos ou servizos que efectivamente houberse realizado con arranxo ao contrato e que houberen sido recibidos pola Administración. Así mesmo, o contratista terá dereito a percibir, por todos o conceptos, o 6 por cento do prezo de adxudicación do contrato dos servizos deixados de prestar en concepto de beneficio industrial, IVA excluído, entendéndose por servizos deixados de prestar os que resulten da diferenza entre los reflexados no contrato primitivo e as súas modificacións aprobadas, e os que ata a data de notificación da desistencia ou da suspensión se houberan prestado.



Neste suposto o contratista renuncia expresamente a calquera tipo de indemnización o que resulta coherente co feito de que a causa da resolución non sexa imputable a ningunha das partes contratantes e non existan terceiros prexudicados coa resolución contractual.

## II.- Sobre o procedemento a seguir.

O procedemento para a resolución contractual regúlase, en xeral, no artigo 109 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, que establece o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Audiencia do contratista por prazo de dez días naturais, no caso de proposta de oficio (requisito non necesario ó terse iniciado o procedemento polo propio contratista).

b) Audiencia, no mesmo prazo anterior, do avalista ou asegurador se se propón a incautación da garantía (ao formularse por causas alleas ao contratista non se procedería a incautación da garantía constituída)

c) Informe do Servizo Xurídico (trámite que se está a cumprimentar mediante a emisión do presente).

d) Ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, cando se formule oposición por parte do contratista (non resulta preceptivo ó plantexarse a instancia do propio adxudicatario).

Todos os trámites e informes preceptivos dos expedientes de resolución dos contratos consideraranse de urxencia e gozarán de preferencia para o seu despacho polo órgano correspondente.

De conformidade co artigo 212.8 da LCSP os expedientes de resolución contractual deberán ser instruídos e resoltos no prazo máximo de oito meses.

Visto o anterior, non restaría por cumprimentar trámite algún respecto da resolución considerada en termos xerais, sen perxuízo da ulterior tramitación que se expón a continuación.

## III.- Trámites específicos na resolución deste contrato.

Iniciado o expediente a instancia do contratista, e previo o informe xurídico e no seu caso da intervención, se emitirá resolución do órgano de contratación en aras de resolver o contrato.

#### IV.- Sobre o órgano competente.

Ó abeiro do disposto no artigo 59, do Regulamento Orgánico Provincial, no seu apartado 12 corresponde a Xunta de Goberno, como órgano de contratación, a adopción do presente acordo, debendo notificarse aos interesados dito acordo con comunicación dos recursos correspondentes.

O Acordo de resolución contractual que se adopte unha vez realizados os trámites específicos contidos no apartado anterior do presente, adoptarase, ao abeiro do disposto no referido artigo pola Xunta de Goberno e conterá pronunciamento expreso acerca da procedencia da devolución da garantía constituída.

#### V.- Sobre os efectos da resolución.

Conforme ao artigo 313 da LCSP, en fase posterior, como efecto da resolución, se producirá por parte do responsable do contrato á recepción e abono ao contratista do prezo dos estudos, informes, proxectos, traballos ou servizos que efectivamente houberse realizado con arranxo ao contrato, para isto realizarán cantos trámites sexan necesarios, procedendo citar ao contratista no acto de resolución (fase 2 do contrato).

Como xa se ten indicado anteriormente a resolución non resulta imputable a ningunha das partes contratantes como ben se recolle na propia solicitude do contratista, non se teñen identificado terceiros perxudicados, e consta no expediente renuncia expresa por parte do adxudicatario a todo tipo de indemnización que puidera corresponderlle.(...)

Considerando, os informes obrantes no expediente, proponho que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Levantar a suspensión da contratación dos servizos para a implantación dun sistema de información e sinalización turística intelixente para a provincia de Lugo, a redacción dun plan de





senalización turística intelixente do casco histórico de Lugo e o subministro e instalación de sinais intelixentes no centro histórico de Lugo

2º.- Iniciar a instrución do expediente de Resolución contractual a tenor do disposto no artigo 313.1.b da LCSP.

3º.- Notificar ó contratista o acordo que se adopte, con indicación de que contra a mesma que esgota a vía administrativa procede alternativamente o recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou o acto ou recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do contencioso administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte á recepción da notificación. Se optara por interpoñer o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se teña producido a súa desestimación por silencio. Todo elo sen prexuízo de que poida exercer calquera outro recurso que estime pertinente.

4º.- Dar traslado ó Responsable do contrato e a intervención provincial do acordo adoptado

5º.- Instar ao Servizo de Turismo para que de conformidade co establecido no artigo 313.2 da LCSP, realice as actuacións precisas para proceder á liquidación do contrato, respecto das prestacións efectivamente executadas e susceptibles de recepción por esta administración.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE DIVERSO MATERIAL ELÉCTRICO PARA A SECCIÓN DE MANTEMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración de diverso material eléctrico para a Sección de Mantemento da Deputación Provincial de Lugo, consta no mesmo:

Providencia de inicio e Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7D2ODNPARZX2G2UUECMDXD4M.

Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7D2O35BJVO6XODS464IJXEJY.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7D2OD2PA4K5WMSAMMQHZ3QCU.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7D2MLPJEG2KRHZCZFC4ZK7EY.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7D2MLNJUB33CP7VQACGURW5Y.

Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar a contratación da subministración de diverso material eléctrico para a Sección de Mantemento da Deputación Provincial de Lugo

**2º.-** Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, así como o/s criterio/s que se recolle/n para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

**3º.-** Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento simplificado “sumario”, dado o importe da licitación, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a



apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 26.250,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 5.512,50 €, o que fai un total de 31.762,50 €, e financiaráse – segundo consta no informe da intervención xeral- conforme as seguintes anualidades:

ANUALIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE	RC
2022	9200.212	13.000,00	22022/20948
2023	9200.212	18.762,50	220229/442
SUMA		31.762,50	

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2023 a cantidade indicada na aplicación sinalada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APROBACIÓN DE MODIFICACIÓNS DE PROXECTOS DO PLAN ÚNICO 2021.**

*Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Pedrafita do Cebreiro, solicitando modificación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Pedrafita do Cebreiro no que solicita a modificación de investimento incluído no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12-01-2021.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 30 de novembro de 2021.

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 30/03/2021, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
PEDRAFITA DO CEBREIRO	225	REPARACION E MELLORA DE VIAS MUNICIPAIS DE ACCESO A MODREIRO, VILASOL E RIOCEREIXA DE ARRIBA	0,00 €	28.843,66 €	28.843,66 €

4. O concello indicado achegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan Único, a declaración responsable coas coordenadas UTM.

5. A Alcaldía do Concello de Pedrafita do Cebreiro, a través de escrito de data 01/07/2022 solicita:

a) A modificación do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2021, concretamente o investimento nº 225, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... como consecuencia dos elevados incrementos dos custes de maquinaria, de combustibles, materiais e man de obra e a excepcional inflación dos meses anteriores...”, polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:



CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
PEDRAFITA DO CEBREIRO	225	MODIFICADO REPARACION E MELLORA DE VIAS MUNICIPAIS DE ACCESO A MODREIRO, VILASOL E RIOCEREIXA DE ARRIBA	0,00 €	28.843,66 €	28.843,66 €

6. A base 16, indica que “...motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de execución e xustificación fixados nestas bases. Se tendo en conta o anterior, ou outra circunstancia sobrevida, debidamente motivada, xurdira a necesidade de modificar ou substituír un investimento inicialmente incluído por outro, dita modificación/substitución será solicitada polo Concello con anterioridade ao vencemento do prazo outorgado para a adxudicación do mesmo, achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputacion. Debe respectarse a finalidade, e dicir a mesma aplicación orzamentaria”.

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2021, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación do investimento relativo ao Concello de Pedrafita do Cebreiro, que se sinala e que queda incluído no Plan Único 2021.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Pedrafita do Cebreiro, e en consecuencia, aprobar a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
PEDRAFITA DO CEBREIRO	225	MODIFICADO REPARACION E MELLORA DE VIAS MUNICIPAIS DE ACCESO A MODREIRO, VILASOL E RIOCEREIXA DE ARRIBA	0,00 €	28.843,66 €	28.843,66 €

2º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APROBACIÓN DE MODIFICACIÓNS DE PROXECTOS DO PLAN ÚNICO 2022.**

*Primeiro.- Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Quiroga, solicitando modificación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Quiroga no que solicita a modificación de investimento incluído no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, infórmase o seguinte:



1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28-12-2021 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 10-01-2022.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria celebrada en data 05/04/2022, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
QUIROGA	214	ADECUACION E MODERNIZACIÓN DOS SISTEMAS E CIRCUITOS HIDRÁULICOS DA PISCINA MUNICIPAL	0,00 €	47.950,00 €	47.950,00 €

4. O concello indicado chegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan Único, a declaración responsable coas coordenadas UTM, das actuacións que se relacionan:

5. A Alcaldía do Concello de Quiroga, a través de escrito de data 04/07/2022 solicita:

a) A modificación do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2022, concretamente o investimento nº 214, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... son necesarias modificacións das partidas inicialmente previstas para a execución da obra non afectando ao orzamento aprobado...”, polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
QUIROGA	214	MODIFICADO ADECUACION E MODERNIZACIÓN DOS SISTEMAS E CIRCUITOS HIDRÁULICOS DA PISCINA MUNICIPAL	0,00 €	47.950,00 €	47.950,00 €

6. A base 14, indica que “...motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de

gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de xustificación fixados nestas bases. Dita modificación/substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación.

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2022, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación do investimento relativo ao Concello de Quiroga que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2022.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.”

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Quiroga, e en consecuencia, aprobar a modificación do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan único de Cooperación cos concellos 2022 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
QUIROGA	214	MODIFICADO ADECUACION E MODERNIZACIÓN DOS SISTEMAS E CIRCUITOS HIDRÁULICOS DA PISCINA MUNICIPAL	0,00 €	47.950,00 €	47.950,00 €





2º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Segundo.-** *Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Láncara, solicitando modificación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Láncara no que solicita a modificación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28-12-2021 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 10-01-2022.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria celebrada en data 05/04/2022, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
LÁNCARA	109	MELLORA DE VIAS MUNICIPAIS EN CEDRÓN E TRASLISTE	13.400,00 €	137.084,61 €	150.484,61 €

4. O concello indicado chegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan Único, a declaración responsable coas coordenadas UTM.

5. A Alcaldía do Concello de Láncara a través de escrito de data 11/07/2022 solicita:

a) A modificación do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2022, concretamente o investimento nº 109, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... con data 16 de xuño de 2022 na visita de comprobación feita previa para a realización da acta de replanteo e non inicio, e por petición dos veciños dos lugares de Cereixosaos e Suaxe, propoñen modificación do proxecto en dous puntos que afectan a 107 metros de pavimento que estaban propostos para mellora. Estes 107 metros lineales realizaranse nos lugares de Rebordelo e Sobrerriba, dentro da mesma parroquia. A modificación proposta é factible técnicamente e non afecta ao tipo de obra, valoración económica nin afeccións de ningún tipo,...”, polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
LÁNCARA	109	MODIFICADO MELLORA DE VIAS MUNICIPAIS EN CEDRÓN E TRASLISTE	13.400,00 €	137.084,61 €	150.484,61 €

6. A base 14, indica que “...motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de xustificación fixados nestas bases. Dita modificación/ substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputacion.

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases.



Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2022, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación do investimento relativo ao Concello de Láncara que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2022.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.”

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Láncara, e en consecuencia, aprobar a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan único de Cooperación cos Concellos 2022 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
LÁNCARA	109	MODIFICADO MELLORA DE VIAS MUNICIPAIS EN CEDRÓN E TRASLISTE	13.400,00 €	137.084,61 €	150.484,61 €

2º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.**

*Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello da Pobra de Brollón para o “Acondicionamento do andar 2 do Edificio multiusos municipal para albergue para 36 prazas” (anualidades 2021 e 2022).*

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor.

“Visto o convenio interadministrativo asinado entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello da Pobra do Brollón para a execución dos fins comúns consistentes no “Acondicionamento do andar 2 do edificio multiusos municipal para albergue para 36 prazas” anualidades 2021 e 2022, cun gasto plurianual de 115.000,00 €, aprobado por Xunta de Goberno de data 17 de decembro do 2021 e, formalizado en documento administrativo de data 22 de decembro de 2021.

Visto a solicitude presentada polo Concello da Pobra de Brollón, de modificación dos prazos de execución e de xustificación da anualidade 2021, ante “a imposibilidade da execución das obras da parte correspondente a anualidade 2021 debido á preparación da documentación técnica por mor do reaxuste dos prezos dada a situación de conxuntura económica”.

Visto o informe favorable do Servizo de Cultura á modificación das cláusulas terceira e cuarta contempladas no referido convenio interadministrativo de cooperación, por considerar que o convenio está vixente e que establece o procedemento para a súa realización.

Visto o informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, favorable ao texto da addenda e a conformidade do Servizo de Intervención.

A deputada que subscribe, propón, se procede, que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:



1º.- Aprobar a Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello da Pobra do Brollón para a execución dos fins comúns consistentes no “Acondicionamento do andar 2 do edificio multiusos municipal para albergue para 36 prazas” anualidades 2021 e 2022, achegada á presente proposta, polo que se modifican as cláusulas terceira e cuarta do convenio.

2º.- As demais cláusulas do convenio de colaboración, suscrito con data 22 de decembro de 2021, en tanto non queden afectadas por esta addenda, permanecerán invariables.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADHESIÓN AO PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE LUGO E A SOCIEDAD MERCANTIL ESTATAL PARA LA GESTIÓN DE LA INNOVACIÓN Y LAS TECNOLOGÍAS TURÍSTICAS, S.A.M.P (SEGITTUR) PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO DE ACTUACIÓNS PARA A PROMOCIÓN E IMPULSO DOS DESTINOS TURÍSTICOS INTELIXENTES (DTI) NA PROVINCIA DE LUGO.**

**Primeiro.-** *Adhesión ao protocolo xeral de actuación entre a Deputación de Lugo e a Sociedad Mercantil Estatal para la Gestión de la Innovación y las Tecnologías Turísticas, S.A.M.P. (SEGITUR).*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que no expediente de referencia figura a seguinte documentación:

Acordo da Xunta de Goberno do 22 de novembro do 2019 onde se acordou a incorporación da Deputación de Lugo á Red DTI.

Modelo de Protocolo xeral de actuación entre a Deputación de Lugo e a Sociedad Mercantil Estatal para la Gestión de la Innovación y las Tecnologías Turísticas, S.A.M.P (Segittur)

para o desenvolvemento conxunto de actuacións para a promoción e impulso dos destinos turísticos intelixentes (DTI) na provincia de Lugo.

Informe favorable do Servizo de Intervención.

Informe do Servizo de Turismo, no que se sinala:

“A Rede de Destinos Turísticos Intelixentes (Rede DTI) constituíuse o 27 febreiro do ano 2019 e forma parte dunha das actuacións clave da Secretaría de Estado de Turismo, tendo por fin contribuír á mellora da competitividade do sector turístico dos destinos españois dende a perspectiva da sostibilidade e da accesibilidade a través de novos modelos de gobernanza que inclúan a innovación e a tecnoloxía como ferramenta para a consecución do citado obxectivo.

Un dos fins da Red DTI é impulsar a colaboración público – público e público-privada para situar os destinos no centro da atención das políticas públicas no eido turístico, favorecendo a melloría da súa competitividade, promovendo sinerxías e facilitando a necesaria transferencia do coñecemento para o desenvolvemento de produtos, servizos e actuacións dos Destinos Turísticos Intelixentes.

A Rede DTI é un proxecto de longo percorrido, que pretende promover un novo marco de referencia para consolidar os niveis de desenvolvemento e competitividade do modelo turístico español actual, ao tempo que se poñen as bases para o que será o novo modelo baseado na innovación, coñecemento, tecnoloxía, accesibilidade e gobernanza compartida entre a Administración Central, Autonómica e Local.

Con data 22 de novembro do 2019, a Deputación de Lugo mediante acordo de Xunta de Goberno, adheriuse a Rede DTI, facendo unha aposta pola innovación como ferramenta de consolidación do turismo no territorio e a obtención de sinerxías co resto dos membros.

Con motivo desta adhesión, dende abril de 2022 este ente provincial, a través do Servizo de Turismo, participou en diversos grupos de traballo dentro da Rede DTI, entre outros, no denominado Grupo de Traballo de Deputacións, Cabildos insulares e Consellos insulares, do que forma parte dende a súa constitución.

O fin deste grupo de traballo é deseñar un modelo de colaboración entre as Deputacións, Cabildos e Consellos e Segittur que sexa distinto ao dos concellos e comarcas adheridos á Rede DTI, recoñecendo e poñendo en valor a súa capacidade como institucións estruturadoras do territorio.



Co fin de concretar e delimitar o papel das Deputacións e outras entidades locais equivalentes dentro da Rede DTI, no seo do citado grupo de traballo, coordinado por Segittur e a Deputación de Barcelona, propúxose a formalización dun Protocolo entre cada unha das entidades participantes e Segittur no que se recolla de forma xeral a vontade de cooperación.

O modelo proposto deste protocolo xeral de actuación para o desenvolvemento conxunto de actuacións para a promoción e impulso dos Destinos Turísticos Intelixentes (DTI) sinala, na súa cláusula primeira, que o obxecto do protocolo xeral de actuación é establecer unha colaboración entre a correspondente entidade provincial e Segittur para o desenvolvemento no ámbito territorial correspondente do modelo de Destino Turístico Intelixente no seu conxunto. Prosegue sinalando que as partes manifestan que a sinatura do presente protocolo non suporá desembolso económico algún, se ben anualmente elaborárase un Programa de Actuación que establecerá as actividades a través das que se concretará esa colaboración e que si suporá desembolso económico se así o sinala o correspondente Anexo/Convenio.

Este Protocolo guía ás partes co fin de pór en marcha actividades de xeración e transferencia de coñecemento e apoio aos proxectos e iniciativas conxuntas que se puideran pór en marcha en ámbitos de mutuo interese para ambas organizacións, polo que a cooperación entre ambas partes, tal e como se recolle na cláusula terceira, esténdese a, entre outras, ás seguintes actividades:

1. Deseño e desenvolvemento dunha estratexia e programa de traballo conxunto en materia de DTI no ámbito territorial da provincia de Lugo para promover a extensión do modelo no territorio, así como a súa adaptación aos destinos do mencionado territorio. Unha estratexia formulada en liña coa da Comunidade Autónoma, sempre que exista, para xerar sinerxías e acadar obxectivos comúns.

2. Deseño e implantación dun procedemento entre a Deputación de Lugo e Segittur, polo que a Deputación de Lugo exerza de Punto de acceso DTI no territorio. O denominado punto de acceso DTI baixo a denominación que se determine en cada caso, encargárase de coordinar con Segittur as solicitudes de entrada na Rede DTI e as solicitudes de Diagnose e Plan de Acción para acadar o distintivo dos destinos incluídos na área territorial da provincia de Lugo. O alcance e desenvolvemento do procedemento elaborárase conxuntamente e se dimensionará segundo os obxectivos da Deputación de Lugo e co alcance que se determine en cada caso.

3. Acceso ao recoñecemento da Deputación de Lugo como Membro titular promotor do modelo DTI no seu territorio, a través da entrega dun distintivo co recoñeza como tal. O distintivo

entregarase coa sinatura do presente protocolo estará vixente mentres o estea o protocolo entre a Deputación de Lugo e Segittur, segundo os termos que neste se establezan.

4. Diseñar, crear ou promover programas de asistencia técnica, formación e capacitación conxunta, realización de conferencias e seminarios especializados para a ampla difusión do modelo de Destinos Turísticos Intelixentes no territorio da provincia de Lugo. Estes irían dirixidos tanto aos técnicos dos destinos, como á cidadanía e ao empresariado. Os programas de asistencia técnica desenvolveranse, cando sexa necesario e segundo as necesidades, para fomentar unha correcta e máis efectiva implantación da metodoloxía DTI no territorio. A súa posta en marcha e o seu alcance determinaranse no Anexo/ Convenio.

5. Promover a utilización de ferramentas e servizos comúns no ámbito DTI entre os destinos do territorio da provincia de Lugo.

6. Establecer áreas de traballo comúns e/ou espazos compartidos para o intercambio de información e facilitar a permanente coordinación, así como articular un procedemento de xestión, acceso, explotación conxunta dos datos recollidos dos DTI dos seus respectivos territorios.

7. Definición do procedemento de concesión e vixilancia por parte da Deputación de Lugo da marca e metodoloxía DTI asociada, titularidade de Segittur, así como a súa adaptación aos destinos do territorio da provincia de Lugo.

8. Realización conxunta de actos de sensibilización e difusión dos beneficios e obrigas da participación conxunta dos destinos do territorio no proxecto, así como dos resultados dos traballos realizados en materia DTI, incluíndo a posible elaboración e desenvolvemento dun plan conxunto de comunicación do proxecto (medios xeralistas, especializados, redes sociais e web)

9. Deseño dun procedemento de publicación de resultados obtidos nas diferentes actuacións realizadas en destinos do seu territorio (modelo “casos de éxito” ou boas prácticas)

10. Intercambio de ferramentas e proxectos desenvolvidos pola Deputación de Lugo ou Segittur para ser testados en destinos da Comunidades Autónoma e en destinos de outras rexións.

11. Participar conxuntamente en xornadas técnicas, mesas de traballo, seminarios, congresos e demais foros de debate e reflexión que teñan lugar no marco de ambos proxectos.

12. Poñer a disposición mutua o diferente material impreso, gráfico e audiovisual que se xera como consecuencia das actuacións conxuntas, así como logotipos das diferentes iniciativas baixo as condicións de uso que se determinen.

13. Calquera outra estratexia ou acción que se acorde entre as partes en relación co proxecto DTI no marco do presente documento.





As actuacións que se desenvolvan dentro do ámbito de aplicación do Protocolo instrumentaranse, tal e como sinala a cláusula cuarta do mesmo, a través dun Anexo/ Convenio anual que terá incluír, cando menos, e segundo corresponda, a seguinte información con detalle das obrigas de cada parte:

1. Orixe, natureza, obxectivos e descrición do proxecto.
2. Nivel profesional requirido e competencias dos responsables e participantes. O perfil profesional dos recursos humanos que participen nas actividades que se desenvolven conxuntamente será acordado entre ambas partes, baixo estritos principios de idoneidade profesional para as tarefas a realizar, se procede.
3. Duración do proxecto.
4. Previsións de soporte loxístico na implantación das accións (viaxes, aloxamento, materiais, etc...).
5. Recursos tecnolóxicos precisos para a realización do proxecto.
6. Recursos financeiros previstos para cubrir os gastos relacionados co proxecto e o correspondente orzamento detallado, sinalando a orixe dos fondos e os compromisos das partes.
7. A participación de cada parte nos resultados do proxecto, tanto tanxible como intanxible.

A cláusula décima do Protocolo, sinala que a duración do mesmo será de catro anos a contar dende a data da sinatura, podendo prorrogarse por un período de catro anos máis, mediante acordo expreso das partes e antes da finalización do prazo previamente sinalado.

A sinatura deste protocolo, como xa se indicou, non implica por si mesma desembolso económico algún, se ben anualmente e vía convenio se elaborará e aprobará un programa de actuacións que establecerá as actividades a través das que se concretará esta colaboración e que si suporía compromiso económico se así o decididiran as partes, facéndoo constar no correspondente convenio.

Tendo en conta os extremos sinalados, a xuízo da informante, procede elevar ao órgano competente a proposta de aprobación do Protocolo Xeral de Actuación entre a Deputación de Lugo e a Sociedade Mercantil Estatal para a Xestión da Innovación e as Tecnoloxías Turísticas, S.A.M.P. (Segittur), para o desenvolvemento conxunto de actuacións para a promoción e impulso dos destinos turísticos intelixentes na provincia de Lugo, constituíndo esta aprobación o paso previo á formalización do protocolo mediante a sinatura das partes.”

A Deputada Delegada que subscribe, propón que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

Aprobar o protocolo xeral de actuación entre a Deputación de Lugo e a Sociedade Mercantil Estatal para a Xestión da Innovación de Tecnoloxías Turísticas, S.A.M.P. (Segittur) para o desenvolvemento conxunto de actuacións para a promoción e impulso dos destinos turísticos intelixentes na provincia de Lugo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Neste punto o Secretario propón que tamén se adopte o seguinte acordo dada a súa relación co anterior.

**Segundo.-** *Proposta de aprobación, se procede, da actualización da categoría da Deputación de Lugo como membro da Rede de Destinos Turísticos Intelixentes.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto o acordo de Xunta de Goberno de data 22 de novembro de 2019 relativo á incorporación da Deputación de Lugo como membro institucional á Rede de Destinos Turísticos Intelixentes.

Visto o informe do Servizo de Turismo no que se sinala:

A Rede de Destinos Turísticos Intelixentes (Rede DTI) constituíuse o 27 febreiro do ano 2019 e forma parte dunha das actuacións clave da Secretaría de Estado de Turismo, tendo por fin contribuír á mellora da competitividade do sector turístico dos destinos españois dende a perspectiva da sostibilidade e da accesibilidade a través de novos modelos de gobernanza que inclúan a innovación e a tecnoloxía como ferramenta para a consecución do citado obxectivo.



Un dos fins da Rede DTI é impulsar a colaboración público – público e público-privada para situar os destinos no centro da atención das políticas públicas no eido turístico, favorecendo a melloría da súa competitividade, promovendo sinerxías e facilitando a necesaria transferencia do coñecemento para o desenvolvemento de produtos, servizos e actuacións dos Destinos Turísticos Intelixentes.

A Rede DTI é un proxecto de longo percorrido, que pretende promover un novo marco de referencia para consolidar os niveis de desenvolvemento e competitividade do modelo turístico español actual, ao tempo que se poñen as bases para o que será o novo modelo baseado na innovación, coñecemento, tecnoloxía, accesibilidade e gobernanza compartida entre a Administración Central, Autonómica e Local.

Con data 22 de novembro do 2019, a Deputación de Lugo mediante acordo de Xunta de Goberno, adheriuse a Rede DTI como membro institucional, facendo unha aposta pola innovación como ferramenta de consolidación do turismo no territorio e a obtención de sinerxías co resto dos membros.

Con motivo desta adhesión, dende abril de 2022 este ente provincial, a través do Servizo de Turismo, participou en diversos grupos de traballo dentro da Rede DTI, entre outros, no denominado Grupo de Traballo de Deputacións, Cabildos insulares e Consellos insulares, do que forma parte dende a súa constitución.

O fin deste grupo de traballo é deseñar un modelo de colaboración entre as Deputacións, Cabildos e Consellos e Segittur que sexa distinto ao dos concellos e comarcas adheridos á Rede DTI, recoñecendo e poñendo en valor a súa capacidade como institucións estruturadoras do territorio.

Tendo en conta o novo papel que asumen as Deputacións neste marco de colaboración, onde se aposta pola conversión nun Destino Turístico Intelixente asumindo parte activa na implantación da metodoloxía da rede nos concellos do territorio, e de acordo co criterio de Segittur, as entidades locais de ámbito provincial son consideradas membros titulares da Rede DTI, motivo polo que resulta procedente elevar á Xunta de Goberno proposta para realizar o cambio de adscripción de membro institucional a membro titular, entendendo como tales, segundo o Regulamento da Rede DTI, as entidades locais, con arranxo á Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que sexan consideradas Destino Turístico Intelixente, mediante a certificación válida ou por ter implementado a metodoloxía de diagnose e planificación da Secretaría de Estado de Turismo/ Segittur ou estar en proceso transitorio de solicitude e

implementación da mesma, consideración que modificaría o acordo adoptado en Xunta de Goberno de data 22 de novembro de 2019, e significando que este cambio de modalidade na adhesión non conleva compromiso económico algún.

Visto o informe do Servizo de Intervención.

A Deputada- Delegada que subscribe, propón:

Aprobar a actualización da categoría da Deputación de Lugo como membro da Rede de Destinos Turísticos Intelixentes, pasando de membro institucional a membro titular.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE O CONCELLO DE GUITIRIZ E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA A CONSTRUCIÓN DUN CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES NO MUNICIPIO DE GUITIRIZ E APROBACIÓN DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE O CONCELLO DE GUITIRIZ E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA A CONSTRUCIÓN DUN CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES (CAM) NO MUNICIPIO DE GUITIRIZ.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“A Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz formalizaron o Convenio Interadministrativo a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na construción de centro de atención a persoas maiores no municipio de Guitiriz o 03.08.2018.



Nete documento se recollía o interese común de rehabilitar a Casa da Botica do municipio de Guitiriz, co obxecto de transformala nunha residencia da terceira idade. Este edificio é un Ben Engadido no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, e por tanto, ademais dos trámites ordinarios necesarios, é preceptivo o informe favorable da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural sobre a Intervención que afecta ao citado Ben.

Levadas a cabo diferentes actuacións recollidas no convenio (solicitar licencias, autorizacións sectoriais, informes de Patrimonio, licitación, etc.), debido a un feito non previsible, tivéronse que paralizar as actuacións previstas, para adaptalas á nova situación do Ben.

A día de hoxe mantense o interese común entre Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz en exercicio das súas competencias, de acadar os fins comúns da construción do centro de atención a persoas maiores no municipio de Guitiriz, rehabilitando un edificio de titularidade municipal denominado “Casa da Botica”.

Dende a Área de Promoción Económica e Social informouse da necesidade de resolver e liquidar o convenio asinado no ano 2018 e aprobar un novo convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na construción dun centro de atención a persoas maiores (residencia) no municipio de Guitiriz, co obxectivo de dar cumprimento coa vontade das partes.

Tendo en conta o texto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na construción dun centro de atención a persoas maiores (residencia) no municipio de Guitiriz, que se propón, así como, o informe de consignación orzamentaria, o informe do favorable do Servizo de Intervención, o informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento, así como o informe de fiscalización favorable relativos ao devandito convenio.

Proponse que pola Xunta de Goberno da Deputación de Lugo se adopte o seguinte:

**1º.-** Acordar a resolución do Convenio Interadministrativo a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na

construción de centro de atención a persoas maiores no municipio de Guitiriz, formalizado entre as partes o 03.08.2018, por acordo unánime entre as partes asinantes en base o artigo 51.2.b da Lei 40/2015.

**2º.-** Aprobar a liquidación do Convenio Interadministrativo a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na construción de centro de atención a persoas maiores no municipio de Guitiriz, non quedando pendentes obrigas ou compromisos por ningunha das partes asinantes.

**3º.-** Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na construción dun centro de atención a persoas maiores (CAM) no municipio de Guitiriz (residencia), cun orzamento total de 2.059.501,45 €: a achega da Deputación ascende a unha contía de 1.866.945,09 € e achega económica do Concello de Guitiriz a 192.556,36 €.

**4º.-** Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no citado convenio, que ascende á contía máxima de 1.866.945,09 €, distribuídos do seguinte xeito:

Ano 2022: 1.352.119,38 € con cargo á aplicación orzamentaria 2315.6500955.

Ano 2023: 257.412,86 € con cargo á aplicación orzamentaria 2315.65009.

Ano 2024: 257.412,85 € con cargo á aplicación orzamentaria 2315.65009.

A Deputación adquire este compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2023 e 2024 as cantidades sinaladas para cada anualidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **11.- PROPOSTA RELATIVA A DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DO PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DEMANIAL DUN BEN DE DOMINIO PÚBLICO**



**PROVINCIAL DENOMINADO ÁREA RECREATIVA OS ROBLES E O INICIO DUN NOVO PROCEDEMENTO DE CONCORRENCIA PÚBLICA.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“En relación ao inmovible de dominio público denominado Área Recreativa Os Robles a Secretaria Xeral Sección de Patrimonio informa con data do 08.07.2022 baixo o CSV IV7D2YDSDEGDVDVKTUO5PYHDMU o seguinte:

En primeiro lugar tramitarase unha declaración de caducidade a cuxos efectos constan os seguintes,

Antecedentes.

03.11.2010 Contrato de Arrendamento do inmovible provincial Los Robles asinado pola arrendataria Terras de Lugo, S.L. representada por Maria Lourdes Guerra González por un prazo de cinco anos ata o 02.11.2015.

08.05.2015 Maria Lourdes Guerra González presenta en representación de Terras de Lugo, S.L. escrito no que expresa a “renuncia a la concesión de la explotación del Área Recreativa Los Robles (...) Así mesmo se seguirá dando los servicios prestados hasta la nueva adjudicación”.

22.05.2015 Acordo da Xunta de Goberno Provincial relativa á proposta de aprobación do prego de condicións que van a rexer no concurso para a concesión demanial dun ben de dominio público provincial denominado Área Recreativa Saamasas (Los Robles) cuxa parte dispositiva establece o seguinte:

Primeiro.- Afectar ao dominio público con destino ao servizo público o inmovible provincial denominado Finca Recreativa Saamasas e Escuela de Piragüísmo.

Segundo.- A ratificación polo Pleno Provincial da afectación ao dominio público provincial do ben inmovible provincial Finca Recreativa Saamasas e Escuela de Piragüísmo.

Terceiro.- Aceptar a renuncia á explotación do inmovible provincial presentada por María Lourdes Guerra González en representación de Terras de Lugo, S.L.

Cuarto.- Aprobar, condicionadamente á devandita ratificación do Pleno, o prego de condicións que van a rexer no concurso para a concesión demanial dun ben de dominio publico provincial denominado Area Recreativa Los Robles.

26.05.2015 Publicación no BOP núm 118 o prego de condicións que van a rexer no concurso para a concesión demanial dun ben de dominio publico provincial denominado Área Recreativa Saamasas (Los Robles).

26.05.2015 Acordo do Pleno Provincial celebrado en sesión ordinaria relativa á proposta de aprobación da alteración da cualificación xurídica de bens inmovibles desta Excma. Deputacion Provincial, cuxa parte dispositiva establece, entre outra, o seguinte:

Primeiro.- Aprobar e ratificar á afectación ao dominio público provincial os seguintes bens inmovibles: a) Inscrito ao número 19, folios 36 e 37 baixo a denominación de “Área Recreativa Saamasas”. Actual Area Recreativa Los Robles (...).

Non obstante non se acada a maioría absoluta esixida polo artigo 8 do Real Decreto 1372/86 de 13 de xuño que aproba o Regulamento dos Bens das Entidades Locais necesaria para aprobar o acordo relativo a citada alteración da cualificación xurídica do ben.

09.06. 2015 Acta da mesa de concesión relativa ao procedemento de concesión demanial dun ben de dominio público denominado Area Recreativa Saamasas (Los Robles) que acorda, por unanimidade, propoñer como concesionario do citado inmovible provincial á empresa Terras de Lugo S.L.

05.11.2018 Certificación de inscrición no Inventario Xeral de Bens e Dereitos desta Deputación Provincial do citado inmovible baixo a denominación de Leira denominada Chousa,





Leiro grande dos Fondas, Leiro pequeno de Fondas e Leira dos Fondas en Santiago de Saamasas “Areas Recreativas As Saamasas”, de cuxo contido se sinala:

Respecto da natureza xurídica, determina a de ben patrimonial.

Respecto da descrición inclúe instalacións deportivas, piscina de adultos e de iniciación e con edificio anexo con vestiarios etc e cafetería restaurante.

26.05.2020 Acordo do Pleno Provincial celebrado en sesión ordinaria relativa á proposta de alteración da cualificación xurídica de bens inmuebles desta Excma. Deputacion Provincial, cuxa parte dispositiva establece o seguinte:

Aprobar á afectación automática ao dominio público provincial o inmueble provincial Inscrito ao número 19 baixo a denominación de “Área Recreativa Saamasas”, en particular a actual Area Recreativa Los Robles. (...).

14.07.2020 Certificación de inscrición no Inventario Xeral de Bens e Dereitos desta Deputación Provincial, do citado inmole baixo a denominación de Area Recreativa Os Robles, de cuxo contido se sinala:

Respecto da natureza xurídica, determina a de ben de dominio público destinado ao servizo público a teor do acordo acadado por maioría absoluta do Pleno Provincial celebrado en sesión ordinaria do 26 de maio de 2020 que aprobou á afectación automática ao dominio público provincial deste inmueble provincial.

Que esta alteración da cualificación xurídica prodúcese de forma automática segundo o teor do artigo 81.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e do artigo 8.4 do R.D. 1372/86 de 13 de xuño que aproba o Regulamento dos Bens das Entidades Locais que dispón: 2 “No obstante, la alteración se produce automáticamente en los siguientes supuestos: b) Adscripción de bienes patrimoniales por mas de veinticinco años a un uso o servicio público o comunal (...)”.

Consideracións.

Primeiro.- A data de hoxe a explotación do inmovible provincial denominado Area Recreativa Os Robles lévase a cabo pola entidade Terras de Lugo, SL, a pesar da renuncia que presenta o 08.05.2015 María Lourdes Guerra González en representación de Terras de Lugo, S.L. mediante escrito do seguinte teor: “renuncia a la concesión de la explotación .del área recreativa Los Robles (...) Así mismo se seguirá dando los servicios prestados hasta la nueva adjudicación”.

Segundo.- A dita renuncia foi aceptada por acordo da Xunta de Goberno Provincial na sesión celebrada o 22.05.2015: (...)

Terceiro.- Aceptar a renuncia á explotación do inmovible provincial presentada por María Lourdes Guerra González en representación de Terras de Lugo, S.L.(...).

Terceiro.- Así mesmo á vista da dita renuncia, a Xunta de Goberno Provincial na citada sesión celebrada o 22.05.2015: aproba -condicionadamente á devandita ratificación do Pleno Provincial (da alteración da cualificación xurídica do ben) - o prego de condicións que van a rexer no concurso para a concesión demanial dun ben de dominio publico provincial denominado Area Recreativa Os Robles.

E dicir, a aprobación do prego de condición do concurso para a concesión demanial deste inmovible provincial queda condicionada á ratificación polo Pleno Provincial do cambio da súa cualificación xurídica – alterándose a súa natureza xurídica de ben patrimonial a ben de dominio público-.

Cuarto.- Non é ata a sesión do 26.05.2020 cando, acadada a maioría absoluta do Pleno Provincial, apróbase a proposta de alteración da cualificación xurídica da Area Recreativa Los Robles.

Quinto.- Non obstante, o BOP. núm 118 do 26 de maio de 2015 publicou a convocatoria e o prego de condicións que van a rexer no concurso para a concesión demanial dun ben de dominio publico provincial denominado Área Recreativa Saamasas (Los Robles).



A este concurso presentouse un unico licitador, Terras de Lugo, S.L., que foi proposto como concesionario pola Mesa de Concesión.

Non se realizou ata a data a adxudicación do procedemento desta concesión demanial polo órgano de adxudicación competente porque quedou pendente da xa dita alteración da natureza xurídica do inmovible.

Sexto.- Informe da Secretaría xeral adxunta do 22.07.2020 para que indicara que procedería elevar ao órgano competente a proposta da Mesa de Concesión a favor de Terras de Lugo, S.L. como concesionario deste inmovible provincial para a súa consideración e o texto do acordo que recollerá as cláusulas reitoras da dita concesión demanial (...).

Sétimo.- Proposta á Xunta de Goberno do 23.07.2020 do seguinte acordo:

Primeiro.- Reiniciar o procedemento para o outorgamento da concesión demanial para a explotación do inmovible provincial denominado Area Recreativa Os Robles.

Segundo.- Requirir ao licitador Terras de Lugo, S.L. para que previo a adopción do acordo de adxudicación da presente concesión demanial presente en tempo e forma a documentación administrativa relacionada na cláusula décimo sexta do prego reitor do presente procedemento dentro do prazo de 10 días hábiles a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento.

Terceiro.- No seu caso, adxudicar a concesión demanial do inmovible provincial denominado Area Recreativa Os Robles a favor da empresa Terras de Lugo, S.L.

Cuarto.- Requirir ao concesionario para a formalización do correspondente documento de concesión demanial.

Oitavo.- Informe da Intervención do 22.02.2021 no que conclúe, entre outros:

De acordo co establecido no artigo 96.6 da LPAP e no artigo 25.1 da Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común da AAPP o prazo máximo para a adxudicación da concesión esta mais que superado, procedendo a consideración da súa resolución pola vía do silencio negativo.

(...) no seu caso se acorde o inicio dun novo procedemento para tramitación da concesión demanial da Area Recreativa As Saamasas (Los Robles)” (...) e efectuando a correspondente “actualización” do prego de condicións que ha de rexer a concesión demanial.

O citado informe da Secretaria Xeral Sección de Patrimonio emitido o día 08.07.2022 conclúe:

O transcurso do tempo constitúe o presuposto para a finalización do procedemento a través do instituto da caducidade., non obstante, sí se require formalmente da correspondente declaración porque o artigo 21.1 da Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común esixe á Administración ditar resolución en calquera tipo de procedemento, polo que se ditará expresamente a finalización deste procedemento por caducidade e declarará o arquivo das actuacións e da apertura do trámite de alegacións e a audiencia dos interesados no mesmo. E sen prexuízo do inicio dun novo procedemento.

Polo esposto, como á data de hoxe, non se ditou resolución expresa que finalizara o procedemento de adxudicación da explotación do referido ben de dominio publico provincial elevarase á deteminación da Xutna de Goberno para que, se procedese, adopte resolución no presente procedemento -artigo 59.b) 12 Regulamento Orgánico-.

En relación ao inicio dun novo procedemento para o aproveitamento e explotación deste inmovble provincial de natureza xurídica de ben demanial e atendendo ao contido incorporado na Certificación de inscrición no Libro Inventario de Bens e dereitos provinciais, a Secretaria Xeral Sección de Patrimonio informa con data do 08.07.2022 baixo o CSV IV7D2YDSDEGDVDVKTUO5PYHDMU sobre a lexislación aplicable e determinando que o presente procedemento de concorrencia pública e adxudicación por concurso en tanto esta Administración non pretende tanto obter unha renda como promover o uso e explotación do inmovble para cuxo fin redáctase o prego reitor coas condicións xerais que servirán de base para a adxudicación da citada concesión demanial, estimando todo elo adecuado á lexislación vixente, polo que pode someterse á aprobación da Xunta de Goberno.



A Intervención Provincial con data do 13.07.2022 baixo o CSV IV7D2OA3BNRNTLE5CUYGMIPAOA emite informe no que conclúe que (...) no se manifiesta inconveniente a tramitación do expediente do procedemento de aprobación de concesión demanial para a utilización privativa do ben de dominio público denominado “Área Recreativa Os Robles (...).

Polo exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Declarar a finalización, a través do instituto da caducidad, do procedemento para o outorgamento da concesión demanial para explotación do inmovible provincial denominado Área Recreativa Os Robles.

2º.- Dar traslado do presente acordo e iniciar a apertura do trámite de alegacións e a audiencia ao interesado Terras de Lugo, SL.

3º.- Iniciar a tramitación dun novo procedemento de concorrencia pública para a ocupación privativa mediante o outorgamento dunha concesión demanial que permitirá a explotación do inmovible provincial denominado Área Recreativa Os Robles.

4º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas que rexerán o procedemento de concorrencia pública e adxudicación por concurso.

5º.- Proceder á convocatoria pública e publicación das bases que regularán o presente procedemento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROGRAMA TRADIGALU 2022.**

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“1º.- Visto o informe do servizo de Cultura, onde se dí, entre outras cousas que: “ (...) a Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia sinala no seu articulado (artigos 1, 2, 3, 8 e 9) que o seu obxecto é a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia de forma que sirva á cidadanía como unha ferramenta de cohesión social, desenvolvemento sostenible e fundamento da identidade cultural do pobo galego, así como a súa investigación, valorización e transmisión ás xeracións vindeiras; que o patrimonio cultural de Galicia está constituído polos bens mobles, inmobles, as manifestacións inmateriales que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo. De igual xeito, integran o patrimonio cultural de Galicia todos aqueles bens ou manifestacións inmateriais de interese para Galicia nos que concorran algún dos valores sinalados.

Máis polo miúdo, no artigo 3.2.a, sinalase que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural, considerando no artigo 9.3 que a estes efectos tamén se consideran bens do patrimonio cultural inmaterial os usos, representacións, expresións, coñecementos e técnicas, xunto cos instrumentos, obxectos, artefactos e espazos culturais que lles son inherentes, que as comunidades, os grupos e, nalgúns casos os individuos reconozcan como parte integrante do seu patrimonio cultural, en particular:

A lingua, as tradicións e expresións orais, as artes do espectáculo, en especial a danza e a música, as representacións, os xogos, os usos sociais, rituais, ceremonias e actos festivos, entre outros.

Con base en todo o sinalado, o servizo de Cultura da Deputación de Lugo pretende poñer en marcha un Programa de conservación, promoción e difusión da riqueza musical, aproveitando a división comarcal da provincia de Lugo: Tradigalu.

O programa Tradigalu encadrase dentro do plan de programación propia do servizo de Cultura co obxecto de:



Promover o conservación, a promoción e a difusión da riqueza musical.

Incentivar o consumo cultural.

Fomentar o desenvolvemento económico das industrias culturais nunha época de crise ao impulsar a creación do emprego e ser un revulsivo das estruturas económicas.

Apoiar e dar visibilidade á tradición e ao recordo como mecanismo de cohesión social.

Servir como instrumento para o fomento da sociedade do benestar nunha provincia de forte atomización demográfica e de poboamento diseminado, achegando a riqueza cultural musical a todas as comarcas da provincia de Lugo.

Facer das manifestacións festivas da nosa tradición: foliadas, polavilas, festivais, magostos, solsticios, etc..., en reunións sociais que promoven sinerxias que as convirte nun estímulo para a integración, a conservación, a promoción e difusión do patrimonio cultural galego, así como da súa lingua.

Remover os obstáculos que dificultan a chegada de programación cultural ao medio rural da provincia.

Converter as manifestacións culturais de natureza musical nunha actividade de especial interese público e social, en cuxa conservación, protección, defensa e promoción se comprometen os poderes públicos locais.

Contribuir ao desenvolvemento económico, social e cultural preservando a tradición e promovendo a participación e a integración social e maila reactivización da actividade económica cultural.

Potenciar a memoria material e inmaterial coa difusión do traballo dos grupos musicais e asociacións, coma un medio máis que axude a súa consolidación activa coma axentes dinamizadores da nosa tradición cultural.

Complementar a programación artística que por parte dos concellos e demais entidades ou axentes culturais se ven desenvolvendo, dentro do ámbito territorial e de actuación da Deputación de Lugo.

Tradigalu nace coma unha liña programática propia centrada no mundo das artes musicais representadas por grupos corais, bandas de música e grupos de música tradicional, cuxa execución se materializará dende a súa aprobación e ata 31 de decembro de 2022. Asemade, este Programa estará vertebrado por diversos contratos administrativos necesarios para a súa execución (contratación de grupos corais, bandas e grupos de música tradicional, contratación de publicidade, etc...), cun orzamento total de 150.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.22609 e, desglosados do seguinte xeito:

Contratación de actuacións musicais: 149.000 €

Deseño imaxe do programa: 1.000 €.

Tradigalu é unha iniciativa de carácter itinerante e integradora dentro do ámbito territorial comarcal provincial; pensada para complementar e/ou espallar a programación cultural de natureza musical ás 13 comarcas da provincia de Lugo, xerando sinerxias para o desenvolvemento económico, para a promoción musico--cultural e para fomentar a integración e o benestar social ao permitir o acceso á cultural musical de toda a cidadanía.

A Lei 7/1996, de 10 de xuño, de desenvolvemento comarcal, concibe a comarca coma unha figura da estrutura territorial descentralizada, adaptada á dispersión do hábitat, a fin de acercar á poboación os servizos que a sociedade moderna demanda; un plan onde poboación e territorio deixaron de ser elementos pasivos para converterse en factores activos do seu propio desenvolvemento.





Por esa razón Tradigalu ten previsto implementar unha programación de natureza musical na que participarán grupos corais, grupos de música tradicional e bandas de música radicadas na provincia de Lugo e cuxas actuacións percorreren o territorio das 13 comarcas da Provincia. A este respecto, as actuacións de grupos musicais participantes neste Programa despregaranse polas seguintes comarcas:

Comarca de Lugo, integrada polos concellos de Rábade, Friol, Outeiro de Rei, Lugo, Castroverde, Guntín, O Corgo e Portomarín.

Comarca de A Mariña Oriental, integrada polos concellos de Barreiros, Ribadeo, Trabada e A Pontenova.

Comarca da Mariña Central, integrada polos concellos de Burela, Foz, O Valadouro, Foz, Alfoz, Mondoñedo e Lourenzá.

Comarca da Mariña Occidental integrada polos concellos de O Vicedo, Viveiro, Xove, Cervo e Oural.

Comarca da Terra Cha, integrada polos concellos de Begonte, Castro de Rei, Cospeito, A Pastoriza, Abadín, Muras, Vilalba, Xermade e Guitiriz.

Comarca de Meira, integrada polos concellos de Riotorto, Meira, Ribeira de Piquín e Pol.

Comarca de A Fonsagrada, integrada polos concellos de Baleira, Negueira de Muñiz e A Fonsagrada.

Comarca de Sarria, integrada polos concellos de Láncara, O Páramo, Sarria, Triacastela, Samos e O Incio.

Comarca de Os Ancares, integrada polos concellos de Navia de Suarna, Baralla, Becerreá, Cervantes, As Nogais e Pedrafita do Cebreiro.

Comarca de Quiroga, integrada polos concellos de Folgoso do Courel, Quiroga e Ribas de Sil).

Comarca de Terras de Lemos, integrada polos concellos de O Saviñao, Bóveda, A Pobra de Brollón, Monforte de Lemos, Pantón e Sober.

Comarca de A Ulloa, integrada polos concellos de Palas de Rei, Monterroso e Antas de Ulla.

Comarca de Chantada, integrada polos concellos de Taboada, Chantada e Carballedo.

\* Na distribución das actuacións, o Servizo de Cultura prestará especial fincapé á creación e ao impulso de sinerxias entre comarcas veciñas; especial atención á conservación e fomento das manifestacións festivas da nosa tradición: foliadas, polavilas, festivais, magostos, solsticios, etc...; a complementar a programación artística dos concellos, das asociacións culturais e demais axentes culturais do territorio provincial; á difusión das programacións culturais a todos os recunchos do medio rural e á promoción e difusión dos produtos culturais locais do noso país co obxecto de fomentar a creación de públicos culturais e facilitar o acceso á tradición cultural galega.

\* As actuacións poderanse celebrar en todo o territorio da provincia de Lugo, buscando unha distribución o máis equilibrada posible en atención aos núcleos de poboación, a organización comarcal da mesma, a distribución da poboación e á necesidade de implementación de actividade cultural musical nun escenario de posible recesión económica. Por esta razón, o servizo de Cultura aposta pola necesidade de innovar, incrementar a rentabilidade das industrias culturais, fomentar a protección e conservación do patrimonio cultural e polo fomento da actividade social como mecanismo de integración e de benestar social para a nosa poboación, atendendo ás necesidades e demandas dos clientes culturais do noso territorio provincial.

\* O número máximo de actuacións que poderá realizar cada agrupación non excederá de catro, non podendo- neste caso de máximos- superar o importe do contrato menor. En canto ao réxime dos contratos menores, estarase ao disposto polo marco normativo establecido nos artigos 29.8, 118 e 131.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.



\* Na localización da actividade poderase solicitar a colaboración de concellos e demais entidades ou axentes culturais para facilitar un escenario acaído, unha boa difusión e/ou un apoio material puntual, de ser preciso. As actuacións poderán ser a pé de rúa ou en escenario.

\* Non poderán participar grupos infantís, cuxos compoñentes sexan menores de 13 anos. Se en algún dos grupos participantes neste Programa existisen membros menores de idade deberá facerse cargo da súa seguridade a persoa responsable do grupo de música, quedando a Deputación de Lugo eximida de calquera responsabilidade derivada da participación de menores dentro dos grupos musicais que se presenten a este Programa.

Do mesmo xeito, en caso de existir integrantes menores de idade (entre 13 e 17 anos) deberase asinar unha declaración responsable pola que se fará cargo da súa seguridade e demais responsabilidades derivadas, a persoa responsable do grupo de música, banda ou coral participante neste Programa.

\*Os cachés das actuacións para os grupos actuantes deste Programa serán os seguintes:

Bandas de música:

Bandas entre 10 e 15 participantes: 850 €

Bandas entre 16 e 24 participantes: 1100 €

Bandas entre 25 e 39 participantes: 1.500 €

Bandas entre 40 e 50 participantes: 2.000 €

Bandas de máis de 50 participantes: 2.500 €

Grupos de música tradicional:

Grupos de música tradicional con menos de 10 participantes: 750 €

Grupos de música tradicional entre 10 y 20 participantes: 900 €

Grupos de música tradicional con máis de 20 participantes: 1.100 €

Corais:

Corais entre 10 e 20 participantes: 900 €

Corais con máis de 20 participantes: 1.100 €

\* Os grupos musicais participantes neste Programa deberán:

a) Estar dados de alta no IAE, nunha actividade, acorde coa prestación a desenvolver.

b) Responsabilizarse do cumprimento da normativa legal e hixiénico-sanitaria vixente en cada momento para a organización e realización deste tipo de actividades ata o mesmo momento da finalización da actuación concedida, eximíndose a Deputación de Lugo de calquera responsabilidade derivada deste aspecto.

c) Actuar, obrigatoriamente, co mesmo número de participantes contratados e de acordo ao caché que corresponda en cada caso.

d) Realizar as actuacións nos lugares, días e horas sinalados pola Deputación de Lugo (servizo de Cultura).

e) Expedir as facturas legais correspondentes ás actuacións realizadas e contratadas.

f) Utilizar o idioma galego nas presentacións das actuacións.

g) As actuacións dos grupos participantes neste Programa terán unha duración máxima dunha hora e media (90 minutos), podendo levarse a cabo nun único pase ou, pola contra, en dous pases de 45 minutos cada un.

h) Os grupos itua que contar co seguro pertinente para a realización das actuacións. A Deputación queda exenta de calquera responsabilidade derivada deste programa, cumprimento dos protocolos de seguridade para a realización deste tipo de actividades e tamén de aquelas outras derivadas das ituación que se poidan producir non só durante os ensaios (se fose o caso), a propia



actuación, senón tamén durante o desprazamento –previo e posterior ás actuacións- por parte dos grupos participantes neste programa.

i) Non poderán participar grupos infantís, cuxos compoñentes sexan menores de 13 anos. Se en algún dos grupos participantes neste Programa existisen membros menores de idade deberá facerse cargo da súa seguridade a persoa responsable do grupo de música, quedando a Deputación de Lugo eximida de calquera responsabilidade derivada da participación de menores dentro dos grupos musicais que se presenten a este Programa.

j) Aboar os gastos a terceiros que a súa actuación poida xerar (de transporte e dos seguros do equipo de actuación e do material, os gastos de persoal, impostos, seguridade social, ...).

k) Achegar, de ser preciso, todo o equipamento técnico necesario para poder levar a cabo a actuación (instrumentos, equipos de son...).”.

2º.- Visto que existe consignación orzamentaria para desenvolver o Programa Tradigalu, 2022.

3º.- Resultando que, de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na vixente redacción).

Por todo o dito, a Deputada delegada de Cultura propón- se procede- que pola Xunta de Goberno- se adopte o seguinte acordo:

Aprobar o programa Tradigalu, tendo en conta as características sinaladas, por importe de 150.000 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“En relación ao asunto de referencia, (EXP.2021/XEN\_01/002718) emítese o seguinte informe-proposta en base aos antecedentes de feito e as consideracións xurídico-administrativas que lle son de aplicación.

Antecedentes de feito.

Primeiro: A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 23 de xullo de 2021, adoptou, entre outros, o acordo de prestar aprobación á seguinte proposta:

“1º. Aprobar as bases da convocatoria, modelos de solicitude e de conta xustificativa, para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021, recollido na Liña 8.1 do vixente Plan Estratéxico de Subvencións (2020-2022).

2º. Aprobar o gasto correspondente por un importe de trescentos mil euros (300.000 euros) con cargo a aplicación orzamentaria 4590.789.

3º. Que se proceda á convocatoria na forma regulamentariamente prevista coa súa publicación na Base Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial de Provincial así como na Sede Electrónica”.

Bases publicadas no BOP de Lugo (BOP. Nº 170 do 27 de xullo de 2021).



Segundo: A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 10 de decembro de 2021, adoptou, entre outros, o acordo de prestar aprobación á seguinte proposta::

“Modificar a base 7. Gastos subvencionables no apartado 2 do Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021, cuxas Bases reguladoras foron aprobadas pola Xunta de Goberno en sesión do 23 de xullo de 2021, de forma que:

Onde di:

“Os gastos que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro da anualidade 2021 (do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2021). Poderá concederse unha prórroga do prazo de execución, por razóns debidamente xustificadas , de como máximo ata o 28 de febreiro de 2022 (...)”

Debe dicir:

““Os gastos que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro da anualidade 2021 (do 1 de xaneiro ao 30 de xuño de 2022).

Modificación das bases publicada no BOP de Lugo (BOP. Nº 288 do 17 de decembro de 2021.

Terceiro: Por resolución presidencial, de data 1 de decembro de 2021, adxudicouse a execución relativa á “Realización de informe para a valoración das solicitudes presentadas no marco do “Programa para a Dotación e Mellora de Servizos Comunitarios” á empresa Abante Arquitectura, SLP.

Cuarto: Por resolución presidencial de data 21 de abril de 2022 aprobouse a composición da Comisión de Avaliación.

Quinto: A comisión de Avaliación reuniuse o 5 de maio de 2022. O orde do día era o seguinte:

“1. Constitución da Comisión.

2. Estudo e análises do informe emitido pola empresa Abante Arquitectura S.L.P sobre as solicitudes presentada.

3. Adopción de acordos de concesión de subvencións presentadas ao amparo do procedemento para o desenvolvemento do programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.”

Na devandita sesión se adoptaron os seguintes acordos:

“Tralo estudo e análise do informe emitido pola empresa Abante Arquitectura S.L.P de avaliación das solicitudes presentadas polas entidades interesadas para optar a Concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021, acordase por unanimidade dos integrantes da Comisión requirir a empresa Abante Arquitectura S.L.P para que emita un informe complementario onde se recolla o desglose e a correspondente motivación das puntuacións totais das entidades solicitantes (en base aos criterios de valoración e puntuación que constan na Base 10 das bases da convocatoria).

Acordase que os integrantes da Comisión de Avaliación actúan no campo da xestión e instrución e en aras de colaborar no ámbito do asesoramento técnico, polo que a participación do integrante que asiste en representación de Intervención é independente do resultado da función interventora e do control financeiro posterior.”

Sexto: O representante de Abante Arquitectura S.L.P, para dar cumprimento ao acordado na Comisión de Avaliación celebrada o día 5 de maio de 2022, remitiu o 12 maio de 2022 o informe complementario onde se recolle o desglose e a correspondente motivación das puntuacións totais das entidades solicitantes (en base aos criterios de valoración e puntuación que constan na Base 10 das bases da convocatoria).

Sétimo: A comisión de Avaliación, reuniuse o 13 de maio de 2022. O orde do día era o seguinte:

“1. Aprobación, se procede da acta da sesión celebrada o día 5 de maio de 2022

2. Estudo e análise do informe complementario emitido pola empresa Abante Arquitectura S.L.P”.

Na devandita sesión se adoptaron os seguintes acordos:

“1º. Aprobar a acta da sesión celebrada o día 5 de maio de 2022

2º. Tomar conta do informe da Xefa do Servizo de Cooperación e Asistencia aos Concellos, de data 21 de abril de 2022, relativo á revisión das solicitudes presentadas e a





verificación do cumprimento dos requisitos establecidos nas bases para obter a condición de beneficiarios.

3º. Facer como propios os informes, de data 21 de abril de 2022 e de 12 de maio de 2022, da empresa Abante Arquitectura S.L.P sobre a avaliación das solicitudes presentadas dentro do Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021, onde se recolle o desglose e a correspondente motivación das puntuacións totais das entidades solicitantes (en base aos criterios de valoración e puntuación que constan na Base 10 das bases da convocatoria).

4º. Efectuar a proposta de concesión e de desestimación de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021, no senso da listaxe que se adxunta á presente acta, onde se expresan os solicitantes para os que se propoñen a concesión de subvencións e a súa contía así como a desestimación do resto de solicitudes (tomando como base o informe da Xefa do Servizo de Cooperación e Asistencia aos Concellos, de data 21 de abril de 2022, e os informes da empresa Abante Arquitectura S.L.P de data 21 de abril de 2022 e 12 de maio de 2022).

5º. Condicionar a concesión da subvención ao Monte Veciñal en Man Común de Vilaxuste ata a resolución do procedemento de perda de dereito ao cobra da subvención concedida no ano 2015 para a “adquisición dunha báscula”.

Oitavo: A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 20 de maio de 2022, adoptou, entre outros, o acordo de prestar aprobación á seguinte proposta:

Aprobar a resolución provisional de concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021”, de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base, 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Resolución provisional de concesión das axudas publicada no BOP de Lugo (BOP. N° 121 do 28 de maio de 2022).

Noveno: Por resolución presidencial de data 14 de xuño de 2022 aprobouse a perda de dereito ao cobro da subvención ao Monte Veciñal en Man Común “Monte de Vilaxuste” para a finalidade da adquisición dunha báscula para pesar camións, ano 2015 por incumprimento da obriga de xustificación nos termos establecidos no convenio respectivo.

Décimo: Con data 8 de xuño de 2022, preséntanse tres alegacións que corresponden a:

D. Daniel López Cuba, con DNI \*\*\*4196\*\*, como representante legal da entidade “Asociación Veciñal O Cruceiro da Lamagrande”, subsanando o erro na solicitude o que supón un incremento na subvención concedida no expediente SUBDOT-2021/057.

D. José Manuel López Tellado, con DNI \*\*\*4703\*\*, en calidade de Presidente da entidade SOFOR Monte Uceira da la parroquia de Cirio S.L. correspondente ao expediente SUBDOT-2021/089, en base aos argumentos e análises expostos.

Dna. Esther Sánchez Barreiro, con DNI \*\*\*4206\*\*, en calidade de Presidenta da entidade Sofor Santa Juliana S.L. correspondente ao expediente SUBDOT-2021/097, en base aos argumentos e análises expostos.

Undécimo: A comisión de Avaliación, reuniuse o 5 de xullo de 2022. O orde do día era o seguinte:

“1.- Aprobación, se procede da acta da sesión celebrado o día 13 de maio de dous mil vinte e dous.

2.- Estudo e análise das alegacións presentadas”.

Na devandita sesión se adoptaron os seguintes acordos:

“1º. Aprobar a acta da sesión celebrada o día 13 de maio de 2022.

2º.- Analizadas as alegacións presentadas por Sofor Santa Juliana, S.L. e Sofor Monte de Uceira da Parroquia de Cirio Pol, S.L. e o informe do Servizo de Cooperación relativo as mesmas, acordase estimar as alegacións presentadas e remitir os expedientes a empresa Abante Arquitectura, S.L.P para a súa avaliación.

3º.- Analizada a alegación presentada por Asociación Veciñal O cruceiro de Lamagrande, facer como propio o informe, de data 17/06/2022 da empresa Abante Arquitectura, S.L.P. e ter en conta a alegación, subsanando o erro na solicitude o que supón un incremento na subvención concedida (2.537,36€) con nº de expediente SUBDOT-2021/057 de 377,84 €, con lo que se les concede subvención por importe de 2.905,20€”.

Duodécimo: A comisión de Avaliación, reuniuse o 12 de xullo de 2022. O orde do día era o seguinte:

“1.- Aprobación, se procede da acta da sesión celebrada o día 5 de xullo de dous mil vinte e dous.



2.- Estudo e análise do Informe de valoración, de data 11/07/2022, emitido pola empresa Abante Arquitectura S.L.P.

Na devandita sesión se adoptaron os seguintes acordos:

“1º.- Aprobar a acta da sesión celebrada o día 5 de xullo de 2022.

2º.- Analizado o informe de valoración, de data 11/07/2022, emitido pola empresa Abante Arquitectura, S.L.P. facelo como propio e propoñer a desestimación por falta de orzamento das seguintes solicitudes:

Nº EXP.	BENEFICIARIO	NIF	CONCEPTO	SUBV. SOLIC.	BAREMO	CONCELLO	SUBV. CONC.
SUBDOT-2021/082	ASOCIACIÓN VECINAL Y CULTURAL CASA DA ESCOLA	G27427525	ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO	3.316,14 €	48,9	ANTAS DE ULLA	3.316,13 €
SUBDOT-2021/021	COMUNIDAD DE USUARIOS DE AUGA DE LLADAIRO	G01844968	APROVEITAMENTO DE AUGA	5.297,20 €	48,8	FONSAGRADA, A	5.297,20 €
SUBDOT-2021/031	AA.VV. SAN SEBASTIÁN DE CARBALLIDO	G27258052	ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO	2.081,27 €	48,8	ALFOZ	2.081,26 €

E a estimación das seguintes solicitudes:

Nº EXP.	BENEFICIARIO	NIF	CONCEPTO	SUBV. SOLIC.	BAREMO	CONCELLO	SUBV. CONC.
SUBDOT-2021/089	SOFOR MONTE DE UCEIRA DE LA PQA. DE CIRIO, S.L.	B27495712	MELLORA DA ACCESIBILIDADE AOS MONTES DA SOFOR MONTE DE UCEIRA	4.703,32 €	56,6	POL	4.703,32 €
SUBDOT-2021/097	SOFOR SANTA JULIANA S.L.	B27468974	MELLORA DA ACCESIBILIDADE E HUMANIZACIÓN DE ESPAZOS EN STA. JULIANA	5.689,96 €	53,2	FONSAGRADA, A	5.690,46 €

Consideracións xurídico administrativas.

Primeira: Na base 9 -avaliación das solicitudes- da convocatoria para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021 establece que:

“A área de Cooperación e Asistencia aos Concellos será a encargada de instruír e tramitar os respectivos expedientes.

Para tal efecto constituirase unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instructor consonte ao disposto no Artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A devandita Comisión estará composta por tres funcionarios/as da Deputación de Lugo, a Interventora e a Secretaria Xeral da Deputación Provincial.

As regras de funcionamento da Comisión serán as recollidas nos artigos 15 a 18 da Lei 40/2015, do 1 de Outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público

Os funcionarios da Deputación que se integrarán na sinalada Comisión de avaliación serán designados por Resolución da Presidencia, que precisará quen ostentará a Presidencia.

Revisados os expedientes e completados, de ser o caso, remitiranse á Comisión de Valoración para que esta proceda á súa avaliación e informe, no que se concretará o resultado da avaliación efectuada. Esta xestión realizarase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e a eficiencia na asignación da utilización dos recursos públicos.”

Segunda: Os criterios de valoración e puntuación das solicitudes veñen expresamente recollidos na Base 10 das bases da convocatoria.

Terceira: Que existe o informe do Órgano instructor no que se reflicte que da información da que dispón despréndese que os beneficiarios cumpren tódolos requisitos necesarios para acceder á subvención. A súa vez se dispón de informe da unidade administrativa xestora sobre a adecuación do expediente ás devanditas bases, como tamén se dispón de xustificación ou declaración responsable dos beneficiarios, segundo proceda, de non atoparse nas prohibicións para obter a condicións de tal, sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nestas bases.

Cuarta: Así mesmo, na Base 12 Acordos de Resolución e Notificacións - Acordo de resolución definitiva: da convocatoria para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021 dispónse que:

“1. No caso de presentarse alegacións, no trámite de audiencia, o órgano instructor, tras examinar as mesmas, formulará a proposta de resolución definitiva na que se expresará o solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de subvencións e a súa contía e, no seu caso, a desestimación do resto de solicitudes.

2. En base á proposta do órgano instructor a Xunta de Goberno resolverá o procedemento. Ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do



Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o acordo da resolución definitiva do procedemento non será obxecto de notificación individualizada senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo [www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org)”.

Conclusiones.

Por todo o exposto infórmase favorablemente:

Primeiro: Que polo órgano instructor, á vista do expediente e do informe da Comisión de avaliación, se efectúe a proposta de resolución definitiva motivada á Xunta de Goberno segundo as especificacións que constan na listaxe que se anexa ao presente, onde se expresan os solicitantes para os que se propoñen a concesión definitiva de subvencións e a súa contía así como a desestimación do resto de solicitudes, en base aos criterios de valoración e puntuación das solicitudes que veñen expresamente recollidas na Base 10 das bases da convocatoria.

Segundo: A publicación de acordo de resolución definitiva no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo [www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org) para o seu coñecemento e efectos oportunos. Terá carácter definitivo e porá fin á vía administrativa.

Por todo o exposto, e tendo en conta o informe favorable de fiscalización, proponse que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Desestimar por falta de orzamento, segundo a comisión de Avaliación reunida o 12 de Xullo de 2022, as seguintes solicitudes formuladas por:

D. Ana María Guerrero Gómez, con DNI \*\*\*1809\*\*, representante da entidade Asociación vecinal y cultural Casa da Escola, con CIF G27427525, correspondente ao número de expediente SUBDOT-2021/082.

D. Alberto Fernández López, con DNI \*\*\*7885\*\*, representante da entidade Comunidad de usuarios de Auga de Lladairo, con CIF G01844968, correspondente ao número de expediente SUBDOT-2021/021.

D. Jesús Paz Pumares, con DNI \*\*\*4824\*\*, representante da entidade AA.VV. San Sebastián DE Carballido, con CIF G27258052, correspondente ao número de expediente SUBDOT-2021/031.

2º.- Estimar as alegacións formuladas por D. José Manuel López Tellado, con DNI \*\*\*4703\*\*, en calidade de Presidente da entidade Sofor Monte Uceira da la parroquia de Cirio S.L., con CIF B27495712, en expediente 2021/PES\_03/016810, de data 8 de xuño de 2022 (ás 8:27 horas) e número de rexistro 2022RT008627 e Dna. Esther Sánchez Barreiro, con DNI \*\*\*4206\*\*, en calidade de Presidenta da entidade Sofor Santa Juliana S.L., con CIF B27468974, en expediente 2021/PES\_03/016792, de data 8 de xuño de 2022 (ás 8:25 horas) e número de rexistro 2022RT008626, en base aos argumentos e análises expostos, por considerarse correcta a estimación acordada na Comisión de Avaliación en sesión celebrada o día 5 de xullo de 2022, en aplicación das previsións recollidas nas bases da convocatoria (Punto 5).

3º.- Estimar as alegacións formuladas por D. Daniel López Cuba, con DNI \*\*\*4196\*\*, como representante legal da entidade “Asociación Veciñal O Cruceiro da Lamagrande”, con NIF G27314897, con expediente nº 2022/PES\_03/011375, de data 8 de xuño de 2022 (ás 11:18 horas), e número de rexistro 2022RPE010416, debido a subsanación dun erro na solicitude, o que supón un incremento na subvención concedida no expediente SUBDOT-2021/057, segundo a comisión de Avaliación reunida o 5 de Xullo de 2022. Esta emenda supón a modificación no importe de dita axuda pero non afecta a valoración das propostas nin a relación das restantes solicitudes estimadas que figuraban na Resolución provisional de concesión de data 28 de maio de 2022.

4º- Levantar a condición a concesión da subvención ao Monte Veciñal en Man Común de Vilaxuste ata a resolución do procedemento de perda de dereito ao cobra da subvención concedida no ano 2015 para a “adquisición dunha báscula”, posto que, xa consta resolución presidencial de data 14 de xuño de 2022 aprobándose a perda de dereito ao cobro da subvención ao Monte Veciñal en Man Común “Monte de Vilaxuste” para a finalidade da adquisición dunha báscula para pesar camións, ano 2015 por incumprimento da obriga de xustificación nos termos establecidos no convenio respectivo.



5º.- Aprobar a proposta de resolución definitiva motivada á Xunta de Goberno segundo as especificacións que constan na listaxe que se anexa ao presente (tomando como base o informe de empresa Abante Arquitectura S.L.P. de data 11 de xullo de 2022 que se fai como propio pola Comisión de Valoración na data 12 de Xullo de 2022), por un importe total de 298.605,87 €, onde se expresan os solicitantes para os que se propoñen a concesión definitiva de subvencións e a súa contía así como a desestimación do resto de solicitudes, en base aos criterios de valoración e puntuación das solicitudes que veñen expresamente recollidas na Base 10 das bases da convocatoria.

6º.- Publicar o acordo de resolución definitiva no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo [www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org) para o seu coñecemento e efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### **14.- NON COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO Nº 596/2021.**

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Vista a Dilixencia de Ordenación de 7 de xuño de 2022 do Xulgado do Penal nº1 de Lugo relativa ao Procedemento Abreviado 596/2021 pola que se comunica ás partes persoadas o inicio das sesións do xuízo oral o próximo 27 de xullo ás 12.50h.

Visto que esta entidade non está persoada no devandito procedemento xa que os feitos ós que se refire – danos nunha sinal vertical con motivo dun accidente de circulación no punto kilométrico 30,650 da vía LU- 933 – aconteceron nunha estrada que non é de titularidade provincial, tal e como se sinala no informe emitido pola Sección de Topografía, Cartografía e Delineación desta entidade de data 11 de xullo de 2022.

Visto o anterior, á Xunta de Goberno propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A non comparecencia desta entidade no Procedemento Abreviado 596/2021 seguido ante o Xulgado do Penal nº1 de Lugo polos motivos antes expostos.

2º.- A comunicación ó Xulgado da non comparecencia desta entidade no dito procedemento, ós efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### **15.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

#### **16.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.